



Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmiento

FUSAIOLAS E FUSOS NO CASTRO DA ORARIA (TOQUES, A CORUÑA).

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel

Ano: 1999 | Número: 109a

Como citar este documento:

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel, Fusaiolas e Fusos no Castro da Oraria (Toques, A Coruña). *Revista de Guimarães*, Volume especial - Actas do Congresso de Proto-História Europeia, 1999, p. 617-632.

Casa de Sarmiento
Centro de Estudos do Património
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmiento, 51
4800-432 Guimarães
E-mail: geral@csarmiento.uminho.pt
URL: www.csarmiento.uminho.pt



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

Fusaiolas e Fusos no Castro da Graña¹ (Toques, A Coruña)

Manuel Rodríguez Calviño

Revista de Guimarães, Volume Especial, II, Guimarães, 1999, p. 617-632

“Á memoria de Amparo Nodar Mantiñán”

INTRODUCCIÓN

O presente artigo englobase nun traballo mais amplo de estudo das fusaiolas na Cultura Castrexa.

A sistemática descriptiva (Rodríguez, en prensa) e de análise das pezas, traballo inicial e necesario, complementábase con outros elementos, para tentar extrapolar evidencias de unha actividade como é o fiado ou a produción textil en xeral.

Fontes de información como poden ser as clásicas (Plinio, Estrabón), as análises polínicas ou de fauna que permiten falar de cultivos e tipos de gando, identificación de tecidos conservados en zonas da Península Ibérica (Alfaro, 1984, 1997; Castro, 1984), as construcións ou estruturas para a transformación da fibra (Farandues en Zaragoza e Coll del Moro en Tarragona) (Alfaro 1984; Rafel, 1994), o instrumental conservado (fusos de Carmona ou Munigua en Sevilla) (Alfaro, 1984), ou as representacións artísticas (mosaicos, pinturas en cerámica, relevos, escultura), que en conxunto permiten a dedución de aspectos de unha actividade moi concreta, ó igual que de variantes técnicas e incluso evolucións.

¹ Este artigo forma parte do meu Traballo de Investigación do Programa de doutoramento (1997-99) da Universidade de Santiago de Compostela, dirixido pola profesora Josefa Rey Casiñeira, e formando parte tamén do Proxecto XUGA 21- 21001B96, dirixido por D. Fernando Acuña Castroviejo.

A todo esto hai que engadir unha visión do tema dende a actividade textil e do fiado na etnografía, experiencia etnoarqueolóxica, analizando os sistemas de fiado manual utilizados ata fai momentos recentes deste século en Europa ou por primitivos actuais, e o seu instrumental, todo elo complementado ca simulación experimental, que permite comprobar en función de uns parámetros a funcionalidade de un material e unha actividade textil en momentos da nosa protohistoria.

O presente artigo refírese a este último punto. Trátase de un primeiro ensaio cas fusaiolas do Castro da Graña.

Coa súa utilización real preténdese determinar o número máximo e mínimo de fusos que compoñen, e confirmar ou descartar aquelas que non se adaptan á función do fiado.

O Castro da Graña sitúase no lugar de Mourellos, na parroquia de Santa Mariá de A Capela, no Concello de Toques, A Coruña, excavado en diversas campañas, (1984, 1987-1993), por D. Fernando Acuña Castroviejo, D. Gonzalo Meijide Cameselle, e un grupo de arqueólogos da Universidade de Lodz (Polonia)².

Nesta análise partimos da experiencia propia na laboura do fiado e das fiandeiras de zonas como A Estrada (Pontevedra), e recórrese como elemento comparativo de base ás características (peso) de fusos de diversas zonas de Galicia³ ou de outras latitudes e culturas, o que permite establecer unha base comparativa respecto das fusaiolas castrexas.

Das oitenta e dúas pezas rexistradas a análise faise con cincuenta e sete. Foron excluídas as fichas líticas sen perforar ou ca perforación iniciada, e polo tanto non rematadas nin empregadas no fiado, e as pezas irregulares, que non parecen ter nada que ver cas fusaiolas. A súa morfoloxía é diferente, os diámetros e grosos son moito maiores, as perforacións son o dobre de grandes, e os seus pesos na maioría dos casos son excesivos para a funcionalidade que se lles supón.

² O meu agradecemento ós excavadores por permitir o estudio do material e ó director do Museo da Terra de Melide, D. Xosé Manuel Broz por facilitar a consulta de este.

³ A casi totalidade de estos fusos pertencen á colección do Museo do Pobo Galego, e agradezo a D. Carlos García Martínez o permiso para o seu estudio, e a Belén Saenz - Chas as facilidades para a súa consulta.

Foron excluídas tamén pezas cúa forma e perforación eran totalmente irregulares, a pesar de que as súas dimensións (diámetro, grosor e peso) se atopasen entre o valores medios das fusaiolas, entendendo que polas súas características non eran funcionais.

1. O PESO

É o elemento clave na análise que se vai a iniciar.

O fiado, como tarefa de torcer sobre sí un conxunto de fibras por medio do movemento xiratorio do fuso, esixe para un bo funcionamento, que este teña un peso determinado, xa que pola contra a función xiratoria e de lastrado non se levaría a cabo, impedida pola resistencia que as propias fibras opoñen ó movemento xiratorio, o que implica que si o fuso non ten o peso suficiente non sería capaz de torcer as fibras, ou realizaría a medias a súa función de tensado e torcido.

Isto leva a afirmar que para que un fuso funcione correctamente precisa un peso mínimo, pero tamén un peso máximo, xa que o exceso de peso dificultaría a actividade e incluso faría romper o fío, tendo en conta tamén que ademais do peso inicial do fuso, este vai en aumento a medida que se vai fiando e enroscando o fío no seu fuste.

No tocante ó peso, algúns autores (Castro, 1980, 142; Naveiro, 1987), falan dunha estreita relación entre peso do fuso (fusaiola e fuste) e calidade ou grosor do fío, o que implicaría un tipo de fuso para cada tipo de fío, fora de lan, liño, estopa, tascos, etc.


Isto dase en algunhas zonas, utilizando varios modelos de fusos de distintos pesos, mais pesados no caso da lá, pero aínda tendo en conta a escasa documentación existente sobre o tema (Lorenzo, 1933; Oliveira, 1978; Pereira, 1965; Alfaro, 1984; etc.), na maioría das zonas de Galicia se utilizou un mesmo fuso para fiar as distintas fibras ou calidades de fibras, xa que a relación peso do fuso, calidade do fío non está moi clara, debido a que a calidade ou grosor do fío está en estreita relación ca calidade da fibra e ca experiencia da fiadora, que é capaz de fiar mais fino ou mais groso en función do que lle permite a lonxitude e calidade das fibras e da súa habilidade.

Este feito refléxase nun refrán castelán que di: “El hilo no rompe por delgado, sino por flojo y mal hilado”.

Analizouse unha mostra de referencia etnográfica para a análise comparativa, e foron 36 fusos procedentes de diversas zonas galegas, e dous deles son parafusos (torcedores ou avinhadeiras), fusos que representan a casi totalidade dos tipos utilizados na nosa comunidade.

Os datos derivados de estes fusos serán a referencia de base para a análise das fusaiolas castrexas.

O PESO DOS FUSOS



(Táboa 1)

A práctica totalidade dos fusos acadan valores que se sitúan entre os 22 e os 32, ou incluso os 37grs, valores mais frecuentes nos que o fuso funciona ben.


Ainda así, temos valores inferiores, entre os 17-19grs, (Táboa 1) representados por só 4 fusos, dos cales, un de 19grs está roto, e se estivese completo pesaría perto dos 23grs.

Os valores superiores van dende os 41-63grs, pero hai que ter en conta que só se rexistra un fuso con 41grs, un con 42grs, e outro con 57grs, xa que os de 61 e 63grs son parafusos ou torcedores, utilizados para torcer fíos, precisando maior peso.

No momento de comparar estes valores cos que acadan as fusaiolas castrexas hai que ter en conta que estas están sen engarzar nun fuste e que en función da forma de este aumentaría o peso do conxunto aproximadamente nuns 10/12grs.

As fusaiolas presentan un intervalo de pesos mais amplo que o dos fusos (Táboa 2), que vai dende un mínimo de 2,6grs, ata 46grs, aínda que o límite superior se podería restrinxir a 37grs, xa que só unha peza acada valores superiores, con 46grs.

O PESO DAS FUSAIOLAS



O grupo mais importante fórmalo as inferiores a 8grs, un total de 22 fusaiolas respecto do total, podendo falar tamén dun grupo entre os 8,1-20grs, e outro entre os 20,1-37grs, estes dous últimos menos representados. Valores que tamén acadan as ibéricas (Castro, 1980).

Se comparamos os pesos dos fusos galegos tradicionais cos das fusaiolas castrexas apreciase unha converxencia significativa entre os seus valores de peso, xa que nos dous casos a máxima concentración dáse entre os 20,1-37grs.

Tendo en conta que 21-37grs é o peso aproximado necesario para que un fuso funcione adecuadamente, o seguinte paso foi analizar todos os pesos das fusaiolas

en relación a este intervalo, tanto as que xa o tiñan de por sí, polo tanto unha fusaiola representaría un fuso, como as de valores inferiores, que implicarían a combinación de varias.

Con base a este razoamento no que se consideran as variables peso/funcionalidade dedúcense cinco grupos (Táboa 3).

Grupo 1: Pezas de bastante peso, (37- 47grs), que ó engadirilles un fuste de 12-15grs acadarían pesos similares ós dos torcedores ou parafusos, pezas menos numerosas que os propios fusos, podendo falar de 3 posibles torcedores no xacemento.

A utilización dos parafusos ou torcedores está constatada na antiguidade en Exipto (Oliveira, 1978: 157), ou en tecidos de época romana da Península Ibérica (Alfaro, 1984; 1997).

Grupo 2: Son aquelas que polo seu peso funcionarían como fuso con só engadirilles un fuste en proporción á súa perforación, xa que son as que acadan os mesmos valores que os fusos tradicionais (Táboa 1), é decir, os valores necesarios para lastrar fibras sen que estas dificulten o seu movemento xiratorio.

Destaca o feito de que a frecuencia dos pesos chegue ata os 29grs, xa que dentro das de este grupo, as que van dende os 21-29grs, son precisamente as que engadindo un fuste de tamaño normal duns 12grs aproximadamente acadarían os valores totais dos fusos tradicionais.

En función do peso poderíamos falar neste grupo de 10 fusaiolas aptas, o que implica 10 fusos.

As fusaiolas de este grupo son evidentemente as mais grandes en diámetros e grosos; e ademais, salvo dúas (Gra-93-5, ou Gra-89-2000), son as de mellor calidade en canto a acabados: moi regulares nas formas, con pulidos uniformes, comparables só con algunhas pezas de pequeno tamaño (Gra-93-9, Gra-87-861, etc.), do Grupo 5, e sobor de todo cas decoradas (Gra-87-978, Gra-88-914, Gra-89-732, Gra-89-731, etc.)

GRUPO	GRUPO 1 37-47grs	GRUPO 2 21-37Grs	GRUPO 3 15,4-20,8grs	GRUPO 4 10-14,5grs	GRUPO 5 2,6-9,7grs
Nº DE FUSAIOLAS	3	10	9	9	26

(Táboa 3)

Grupo 3: Son aquelas cuio peso é lixeiramente inferior ó necesario e que precisan unha segunda fusaiola de pequeno tamaño, 10grs por exemplo, ou engadíndolle un fuste de maior grosor. Fuste que podería acadar 10/12grs, que sumado ó peso das fusaiolas tería como resultado un peso total comprendido entre os 25/27grs e os 35/37grs, pesos equiparables ós dos fusos tradicionais, e dentro da marxe do peso necesario para o funcionamento de estes.





Grupo 4: As fusaiolas deste grupo son aquelas que non funcionarían soas. Precisan dun aporte extra de peso que tería que ser case o dobre do seu, e que en ningún caso podería ser compensado con un fuste normal de 10/12grs.

Polo tanto hai que pensar en dúas fusaiolas por fuso, como se ve en algunhas representacións (Palol, 1982; Castro, 1980, 135), que funcionasen con un fuste de maior tamaño ou que en algún caso servisen tamén como complemento de outra fusaiola.

En función do dito, do número de fusaiolas (9), e do peso de estas, poderíamos ter 4 fusos.

Grupo 5: Son as de menor peso, menos de 10grs, e ata 2,66grs, e son tamén o grupo mais numeroso, case o 50% do total.

O seu peso non as fai funcionais por sí solas.

GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 4
			

(Táboa 4)

Se a esto engadimos que todas as pezas decoradas e algunhas de moi bo acabado (Gra-91-558, Gra-92-552, Gra-87-861) corresponden a este grupo, e ademais son pezas cilíndricas ou aplanadas, cabe pensar que estas funcionasen como meros elementos decorativos ou reducidos suplementos de peso, xa que o seu peso non afectaría apenas.

Poderían ser o complemento adecuado das do Grupo 3, ou incluso como decoración das do Grupo 1. De feito, no xacemento aparecen sempre asociadas.

Como conclusión de este bloque, e en función dos datos tirados, respecto do peso se podería falar dun número mínimo de 23 fusos e 3 posibles parafusos (26), e un máximo de 28 fusos e 3 parafusos (31).

2. AS PERFORACIÓNS: Fuste, engarzado e sistemas de fiado

Tras definir cales serían as características de peso necesarias para o funcionamento dos fusos, e que fusaiolas funcionarían como tal, agora atendemos á variable perforación para definir os sistemas de engarzado e a forma dos fusos.

Os tipos de perforacións que aparecen nas fusaiolas da Graña son básicamente catro (Rodríguez, en prensa), Cilíndricas, flexionadas, Cónicas e Bitroncocónicas.

Os dous primeiros son os mais frecuentes, sobor de todo as cilíndricas, que se dan en case a metade das pezas. Á súa vez as flexionadas son case cilíndricas, xa que na maioría dos casos a curvatura de flexión é moi leve.

Ademais moitas cónicas son case cilíndricas, xa que a variación de diámetro entre a perforación superior e a inferior é mínima.


Comparando os tipos de perforacións cos tipos de engarzados dos fusos tradicionais (Lorenzo, 1933), de contextos arqueolóxicos (Alfaro, 1984, 1997), ou de utensilios de primitivos actuais (Pereira, 1967) saen á luz unha serie de formas que serían posibles para estas pezas.

Hai que ter en conta, en función das representacións de fusos existentes en contextos arqueolóxicos (Blazquez, 1989; Alfaro, 1984; Castro, 1983-84) que os representados son fusos ca fusaiola na parte inferior (dereitos), aínda que tamén se rexistran con esta na parte superior (invertidos).

Os mais frecuentes nas representacións, e os que chegaron ata mediados deste século son os de posición dereita, polo que cabe pensar que tamén serían utilizados en contextos castrexos, sen descartar os de posición invertida.

Básicamente poderíase falar de catro modelos de fustes: (Táboa 5)

1. Cilíndrico. Formado por unha varilla ou fuste totalmente cilíndrico, que por presión se adaptaría á perforación da fusaiola, ou suxetándoa na parte inferior con un pasador de madeira.
2. De vástago. Unha varilla fuselada, co extremo inferior mais ancho, no que se desbastaría un vástago cónico ou cilíndrico no extremo proximal, no que se engazaría a fusaiola.
3. Cónico. Fuste de forma cónica, con pouca inclinación, na que se ensartaría a fusaiola dende a parte mais estreita, adaptándose ó fuste por presión, sendo imposible que esta se desprenda ou caia, a non ser que rompa a varilla.



(Táboa 5)

4. Extremos fuselados. Un fuste cilíndrico, cos dous extremos desbastados ou fuselados, con forma cónica, un para coller o fuso, mais estreito, e outro para ensartar a fusaiola.

Este modelo está constatado en zonas do Timor portugues e Angola (Pereira, 1967).

Os modelos 3 e 4 son quizais os mais factibles, ademais dos mais utilizados por primitivos actuais, ou os que parecen deducirse das representacións de contextos arqueolóxicos.

Tras probar a engarzar as fusaiolas con estes fustes, son os de forma cónica ou Tipo 3 e os de extremos desbastados, Tipo 4, os mais idóneos, xa que a forma cónica adáptase ben á maioría das perforacións.

Para a cultura castrexa non dispoñemos de representacións que nos permitan coñecer os xestos de uso dos fusos ou as técnicas de fiado, co que por agora temos que conformarnos con extrapolar datos de contextos como Exipto, Grecia, Cultura Etrusca, ou a propia Roma.

Así, poderíase supoñer que o sistema de fiado utilizado sería con unha roca curta collida ca man (non longa como a utilizada ata épocas recentes) (Alfaro, 1984, 1997) e un fuso en posición dereita (fusaiola cara abaixo).

De todas maneiras, por paralelos etnográficos, existe a possibilidade dun sistema de fiado sen roca, cúa función é suplida pola man.

3. CONTEXTO ARQUEOLÓXICO

Unha vez analizada a variable peso no marco etnográfico e da arqueoloxía experimental, e deducidos uns tipos e un número de fusos pasamos a contemplala agora en relación ós contextos arqueolóxicos coñecidos no xacemento, o vertical e o horizontal.

Esta análise pódese aplicar a 41 das 57 fusaiolas rexistradas, que son as que teñen unha referencia de contexto específico.

Posto que as memorias de excavación non están publicadas, aínda non dispoñemos das lecturas estratigráficas definitivas que nos relacionen cada capa arqueolóxica identificada cas diferentes fases do poboado.

Bótase tamén de menos un plano xeral que nos permita saber con que estruturas coincide cada un dos sectores aludidos no inventario de pezas.

Todo isto obviamente limita os resultados, xa que coñecendo a correspondencia dos niveis e a relación sectores/estructuras é posible que poideramos falar de evolución das pezas e da actividade de fiado ó longo da ocupación do xacemento (moi longa neste caso) (Meijide, 1990).

DISTRIBUCIÓN HORIZONTAL NO XACEMENTO

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
A		1			5	2							
B		1											
C													
D					1								
E						14							
F													
G		2											
H				1									
I													
J					1	1	1	2		1	1	1	
K												1	
L													1
M													
N												2	1
O													1
Test. Princ													

(Táboa 6)

Se analizasemos a distribución das pezas, tal vez sería factible averiguar mais sobre a actividade do fiado no xacemento en función das distintas construcións ou estruturas. Tendo en conta que o longo periodo de ocupación (Inicio da divisoria Bronce Final Idade do Ferro, ata o I d.C.) (Meijide, 1990), ó igual que denotou cambios significativos nas estruturas, sistemas constructivos, ou cerámica tamén os pudo ter na estética dos fusos e das fusaiolas.

En función da Táboa 6 vemos que o maior número de fusaiolas se concentra no sector EVI, destacando tamén acumulacións como as do Sector J, ou dos LXIII, NXII, NXIII E OXIII, a acumulación en AV e AVI.

Ainda así, atopamos lagunas na distribución horizontal.

A análise de esta distribución sería mais proveitosa coñecendo as estruturas que se corresponden con cada sector, xa que neste aspecto só temos referencia no sector EVI, con 14 fusaiolas, das cais 5 teñen na súa sigla referencia á Construción B, e por deducción o resto ca mesma sigla e nivel pertencen á mesma estrutura ou á súa área de actividade.

Na distribución vertical, a pesar de non coñecer exactamente a correspondencia dos niveis cos momentos de ocupación do castro, a propia superposición permítenos ver variacións no comportamento das pezas.

O total de fusaiolas para cada nivel é moi expresivo, xa que son os niveis mais recentes, N-II e N-III, os que rexistran maior número de estas. Concentración con especial relevancia no N- II, con un total de 22.

Aplicando a esta distribución os datos dos pesos e os da Táboa 3, póñense en relación aquelas pezas dun mesmo contexto ou sector, que ó aplicarlle a división en grupos e tendo en conta a funcionalidade de cada grupo (Figura 2) permítenos combinar as pezas para acadar os valores necesarios para que funcionen como fusos.

Hai que ter en conta que os fusos que aquí se reconstruen son os compostos por fusaiolas que están relacionadas en función do contexto, como variable que as interrelaciona.

CONTEXTUALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DAS FUSAIOLAS

	Nivel I	Nivel II	Nivel III	Nivel IV	Nivel V	Nivel VI	Nivel VII	SEN NIVEL
AII							1	
AIV								
BII					1			
GII					2	1		
HVI								
HX								
JIV								
JVI				1				
JVII	1							
JIX								
JX	1							
OXIII								1
TEST. PRINC								1
SEN CONTEXTO								16
JV		1						
JXII		1						
KXII		1						
LXIII		1						
NXIII		1						
AVI		2						
JVIII		2						
DV			1					
HIV			1					
NXII			2					
EVI		11	3					
AV		2	3					
TOTAL	2	22	10	1	3	1	1	

(Táboa 7)

De ahí podemos deducir polo peso a existencia de 20 fusos e 3 posibles torcedores (das pezas contextualizadas), formados polas fusaiolas dos Grupos 1, 2 e 3, ós que habería que engadir 2 ou 3 que están entre as descontextualizadas.

Tras a combinación sae un total de 20/22 fusos (Figura 1).

No caso do sector EVI, con pezas de varios grupos vimos que estas se poden combinar entre sí, servido as de menor peso como complemento.

Combinacións entre pezas de diferente grupo pero que aparecen no mesmo contexto e que poderían formar un fuso danse nos sectores: N XII, N-III; JVIII, N-II; GII, N-V e AV, N-III. En todos os casos aparecen relacionadas no mesmo sector e nivel pezas dos dous primeiros grupos cas de grupos inferiores.

Se analizamos a (Figura 2), donde están representadas as pezas por niveis e por grupos de peso, ademais da diferenca numérica destaca o feito de que no N-II acumúlase a casi totalidade das do Grupo 1.

¿Implica isto unha tendencia a fusos dunha soa fusaiola en momentos recentes fronte a combinación de varias nun mesmo fuso para datas anteriores?. Isto quizais se poida deducir ó facer esta mesma análise en mais xacementos.

Se comparamos N-II e N-III, destaca o feito de que no primeiro hai un predominio das fusaiolas de tendencia bitroncocónica, e no segundo son maioritarias as planas ou cilíndricas, o que pode ser quizais unha evolución das formas co paso o tempo (Figura 2).

Esta evolución das formas planas ás bitroncocónicas ou cónicas foi mencionada xa por Castro Curel (Castro, 1980), en zonas do Mediterráneo como nos primeiros niveis de Troya a mediados do 3º milenio, mediados do 2º milenio no N. de Italia (cabanas de Milazzo), mentras que para a Península Ibérica ata a 1ª Idade do Ferro en xacementos do N.E. de Cataluña non se tería dado ese cámbio, que quizais no N.O. non tería acontecido ata momentos moi avanzados do 1º milenio como é este caso.

Para Castro Curel esta evolución suporía unha mellora no sistema de fiado e na calidade dos produtos.

Un elemento que destacaba nas fusaiolas da Graña era unha serie de pezas decoradas de pequeno tamaño (Gra- 89-732, Gra- 88-914, Gra- 87-978, Gra- 89-731, Gra- 90-250, e dúas sen siglar) que a pesar de utilizar técnicas diferentes para realizar a decoración, e con diferentes motivos, en xeral parecían corresponder a un mesmo momento ou a un mesmo gusto, pero analizando os niveis vese como estas aparecen dende o N-I, ó IV, o que en principio indicaría que nada teñen que ver unhas cas outras, e podería ser un elemento que pervive.

Non se dispón de mais información que a propia concentración de fusos (8) entorno a unha construción, o que podería denotar un desenrolo da actividade por especialistas ou por grupos sociais, como apunta Pierre Guerin para o Castellet de Bernabé (Valencia), donde os utensilios da actividade textil, fusaiolas e pesas, se concentran no que denomina como “casa aristocrática”.

A concentración de pezas en un número de casas determinado é algo que se da tamén no castro de Borneiro con mais extensión excavada, e quizais se poidera observar na Graña se a extensión da excavación fose similar, xa que en Borneiro o total de fusaiolas ronda as 160 (de menores dimensións).

4. RESUMO

Preséntase moi interesante a perspectiva etnoarqueolóxica ou de arqueoloxía experimental que aquí se tentou utilizar con maiores ou menores resultados, pero o certo é que aportan respostas a aspectos que en moitos casos eran inimaxinables.

Queda patente a importancia da variable peso, que xoga un papel decisivo tanto nos fusos como nas fusaiolas, xa que del depende que funcionen ou non.

A análise das fusaiolas en función dos niveis denota unha evolución cronolóxica para un xacemento en concreto, que sería moi interesante ampliar analizando todas as pezas da cultura castrexa, xa que non só saírían variantes cronolóxicas, senón tamén variantes rexionais.

Destacar a importancia da contextualización das fusaiolas no xacemento, non sempre exhaustiva, xa que elo pode aportar información, e facilitar o traballo á hora de relacionar as pezas en función do seu peso, xa que se non se ten o contexto, facer esa relación sería combinar elementos dos que non temos a certeza que estén relacionados.

No tocante ós tipos de fusos e sistemas de fiado, é probable que estivesen moi cerca do que coñecemos para contextos gregos ou romanos.



POSSÍVEIS FUSOS

(Figura 1)


1	<p>Csa.97.913 42 grs</p>	2	<p>Csa.97.8 37 grs</p>	3	<p>Csa.97.8 33,2 grs</p>
4	<p>Csa.97.554 29 grs</p>	5	<p>Csa.97.7 26 grs</p>	6	<p>Csa.97.3 26 grs</p>
7	<p>Csa.97.743 24 grs</p>	8	<p>Csa.97.4 26 grs</p>	9	<p>Csa.97.10 25 grs</p>
10	<p>Csa.97.5 25 grs</p>	11	<p>Csa.97.200 30 grs</p>	12	<p>Csa.97.1 24 grs</p>
13	<p>Csa.97.2 25 grs</p>	14	<p>Csa.97.100 20 grs</p>	15	<p>Csa.97.211 25 grs</p>
16	<p>Csa.97.146 25 grs</p>	17	<p>Csa.97.177 22 grs</p>	18	<p>Csa.97.11 21 grs</p>
19	<p>Csa.97.241 46 grs</p>	20	<p>Csa.97.226 20 grs</p>		
21	<p>Csa.97.187 27 grs</p>	22	<p>Csa.97.176 23 grs</p>		





DISTRIBUIÇÃO DAS FUSAIOLAS POR NIVEIS

(Figura 2)



Bibliografia:

- ALFARO GINER, C. – (1984): *Tejido y cestería en la Península Ibérica. Historia de su técnica e industrias desde la Prehistoria hasta la Romanización*, BPH, XXI, Madrid.
- (1997): “El tejido en la época romana” en *Cuadernos de Historia*, 29, Arco/Libros, S.L, Madrid.
- BLAZQUEZ, J, M. – (1989): Mosaicos romanos del Museo Arqueológico Nacional, en *Corpus de Mosaicos de España*, IX, 106, 109, 126.
- CARDOZO, M. – (1963): A fição e a tecelagem na antiguidade peninsular, *Actas do Congresso Internacional de Etnografía*, II, 29-36, Santo Tirso.
- CASTRO CUREL, Z. – (1978): Piezas discoidales en yacimientos del N.E. de Cataluña, en *Cypsela*, II, Girona, 173-195.
- (1980): Fusaiolas ibéricas, antecedentes y empleo, en *Cypsela*, III, Girona, 127-146.
- (1983-1984): Notas sobre la problemática del tejido en la Península Ibérica, *Kalathos*, 3-4, 95-111, Teruel.
- JALHAY, E. – (¿?): Alguns cosoiros notáveis do Castelo de Tendais, en *Revista Arqueológica*, II, Lisboa.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. – (1973): Prehistoria de Melide, en *Terra de Melide*, Santiago de Compostela.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. – (1933): Notas etnográficas da Terra de Lobeira, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 6, 28-34.
- MEIJIDE COMESALLE, G. – (1990): Tres dataciones de C14 del Castro de A Graña, Toques, A Coruña, u su contexto arqueológico, en *Gallaecia*, 12, 111-134, Santiago de Compostela.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. – (1987): Introducción ó estudo da industria do tecido na Cultura Castrexa: as fusaiolas, en *Gallaecia*, 9-10, 61-96, Santiago de Compostela.
- OLIVEIRA, VEIGA, DE, E. – (1978): *Tecnoloxía tradicional portuguesa: O liño*, Instituto Nacional de Investigación Científica. Centro de Estudos de Etnoloxía, Lisboa.

- PALOL, P, de. – (1982): *La villa de la Olmeda, Palencia*.
- PEREIRA ENES, B. – (1967): Técnicas de fiação primitiva. As rocas portuguesas, *Cadernos de Etnografia*, 2, Barcelos.
- PONTE, S, da. – (1978): Instrumentos de fiação, tecelagem e costura de Conimbriga, en *Conimbriga*, XVII, 133-146, Porto.
- RAFEL Y FONTANALS, N; BLASCO Y ARASANZ, M. – (1994): Un taller ibérico de tratamiento de lino en el Coll del Moro de Gandesa (Tarragona), *Trabajos de Prehistoria*, 51, nº2, 121-136.
- RODRÍGUEZ CALVIÑO, M. – (): As fusaiolas do castro da Graña (Toques, A Coruña). Unha análise descritiva, *Gallaecia, en prensa*.
- ROMERO MASIÁ, A; POSE MESURA, X, M. – (1987): Galicia nos textos clásicos, *Monografías urxentes do museo*, 3, Museo Arqueolóxico, A Coruña.
- SILVA da, FERREIRA, A.C. – (1986): A Cultura Castreja no N. de Portugal, *Câmara Municipal de Paços de Ferreira, Museo Arqueolóxico de SanFins*.
- VIDAL Y LÓPEZ, M. – (1952): “Tipología de las fusayolas del poblado Ibérico del cerro de San Miguel de Liria, *A.P.L.* III, 147-154, Valencia.